

## **NOVO PORTAL WEB**

[www.cogami.es](http://www.cogami.es)

### **Introdución:**

O novo portal web de COGAMI concíbese como un recurso indispensable para os principais grupos de interese da entidade. Á hora de abordar este novo deseño tívose en conta as diversas necesidades e expectativas das persoas que máis habitualmente visitan o portal ou que son potenciais usuarios/as do mesmo. Entre todas estas persoas atopamos principalmente:

- Persoas con discapacidade interesadas en acceder a algúns dos recursos que oferta COGAMI, tales como cursos de formación, ofertas de emprego, actividades de lecer, etc...
- Persoas con discapacidade e/ou familiares en busca dalgúns dos recursos que ofertan as entidades membro de COGAMI espalladas por toda a xeografía galega, especialmente nas zonas rurais.
- Profesionais do eido social en busca de información útil para aportar ás persoas usuarias dos seus servizos.
- Profesionais dos medios de comunicación que acoden a COGAMI como unha fonte para elaborar pezas informativas relacionadas coa discapacidade.
- Persoas usuarias, socias ou profesionais das máis de 50 entidades que forman parte de COGAMI.
- Persoas voluntarias que participan en diversas actividades de voluntariado de COGAMI ou das súas entidades membro.
- Entidades análogas que participan con COGAMI en diversos proxectos en calidade de socios colaboradores (no eido europeo, nacional ou autonómico).

- Organizacións públicas e privadas que son financeiras ou colaboradoras nalgúns dos proxectos que desenvolve COGAMI.

### **Obxectivo e características do novo portal:**


Á hora de renovar o portal web partiuse da premisa de que este se constituíra como unha fonte de información e contacto entre COGAMI e os seus principais grupos de interese, de xeito que algúns dos servizos que oferta a entidade puidesen prestarse tamén a través do portal, dotando así á organización dun novo elemento de interacción co seu público obxectivo.

Tendo isto en conta, podemos sinalar como principais características do portal as seguintes:

- Elemento central do contacto permanente que se ten cos grupos de interese.
- Peza troncal doutros medios de comunicación tales como as redes sociais, o blog e os boletíns que edita COGAMI.
- Facilidade de navegación e accesibilidade total.
- Incorporación de contidos de grande utilidade tendo en conta as necesidades das persoas con discapacidade:
  - Bolsa de emprego.
  - Sistema de información, asesoramento e orientación.
  - Sistema de denuncias.
  - Acceso ao portal de accesibilidade.

### **Estatísticas:**

Dende que COGAMI decidiu ter presenza a través dun portal web, o número de visitas alcanzadas abalan o interese que amosan pola nosa entidade as persoas internautas. A partir do ano 2009, a páxina rexistrou 126.832 visitas, unha cantidade que foi in crescendo paulatinamente ata chegar á actualidade. Por especificar con exemplos, recollemos o número de persoas que visitaron a web durante 2011(44.375 visitas), en 2010 (37.653 visitas) e en 2009 (27.088 visitas). Máis da metade destes visitantes, o 52,29%, son novos.



Como se pode apreciar, o número de visitas incrementou co paso do tempo. Un dos motivos pode ser que todo o que publicamos na páxina web se comparte nas redes sociais que temos habilitadas (sendo estas Facebook, que conta con máis de 1.200 seguidores, Twitter onde nos seguen máis de 280 persoas e/ou entidades ademais de Google+ e LinkedIn que cada día van tamén en aumento de seguidores). Ademais, ao ter convenios de colaboración con outras entidades, fundacións, agrupacións sociais, empresariais, etc, tamén permite que o potencial das súas visitas poidan rebotar na nosa páxina web.

Moitas das persoas que se interesan pola actividade de COGAMI a través de Internet adoitan facelo mediante a busca dalgún tipo de información concreta que publicamos sobre o noso colectivo. Exemplo disto é que a sección de noticias e a de ofertas de emprego son as que reflicten o maior número de visitas, se ben, moitas destas visitas inician a navegación polo portal a través da páxina de inicio, como se reflicte no gráfico.


A maneira máis doada para acceder a unha páxina web da que descoñecemos o enderezo é a través da utilización de buscadores. Con só escribir unhas palabras clave que nos axilien a busca da consulta, logramos dar co tema que nos interesa. Unha das palabras máis utilizada por parte das persoas que quixeron navegar pola nosa web foi a de COGAMI, seguida de ofertas de emprego.

A páxina web tamén nos serve para difundir tanto a publicación trimestral que facemos en COGAMI –O Boletín- como a publicación mensual que realizan dende un centro de recursos que COGAMI ten en Lugo – O Moemia Virtual. Ademais dos boletíns escritos, o

Dimensión primaria: **Página de destino** Otros ▾

Incluir en gráfico  Dimensión secundaria ▾ Ordenar por tipo: Predeterminado ▾

|                          | Página de destino                | Visitas |
|--------------------------|----------------------------------|---------|
| <input type="checkbox"/> | 1. /cogami/v09/es/default.asp    | 34.531  |
| <input type="checkbox"/> | 2. /cogami/v09/gal/default.asp   | 33.484  |
| <input type="checkbox"/> | 3. /cogami/v09/gal/novas.asp     | 6.404   |
| <input type="checkbox"/> | 4. /cogami/es/default.asp        | 4.720   |
| <input type="checkbox"/> | 5. /cogami/g/default.asp         | 4.201   |
| <input type="checkbox"/> | 6. /cogami/v09/es/emprego.asp    | 3.319   |
| <input type="checkbox"/> | 7. /cogami/v09/gal/emprego.asp   | 868     |
| <input type="checkbox"/> | 8. /cogami/v09/es/contacto.asp   | 522     |
| <input type="checkbox"/> | 9. /cogami/v09/gal/contacto.asp  | 409     |
| <input type="checkbox"/> | 10. /cogami/es/bolsa_emprego.asp | 149     |



audiovisual ten unha importante presenza porque a páxina nos permite difundir tanto os informativos de radio que facemos na Confederación, como os podcast de entrevistas que semanalmente nos fan nas radios galegas e/ou tamén as reportaxes de vídeo que tanto realizamos en COGAMI como as que nos gravan as cadeas de televisión. En definitiva, aproveitamos todos os recursos das plataformas 2.0 que temos abertas en COGAMI para poder informar polo miúdo tanto ao noso colectivo como aos familiares e, por suposto, a toda a sociedade. Polo tanto, a diversidade de recursos incrementa o número de visitas á nosa web.

### Banners publicitarios e tarifas:

Coa idea de integrar no novo deseño banners publicitarios dun xeito acorde coa imaxe gráfica do portal optouse pola implementación de 5 espazos publicitarios que estarían distribuídos do seguinte xeito:

- 2 banners de 950x90 px na zona superior e inferior do portal, enmarcando os principais contidos (zona 1 e zona 5).
- 3 banners de 200x200 px na zona lateral esquerda, debaixo dos menús (zonas 2, 3 e 4).

Poderíanse inserir anuncios estáticos ou dinámicos, deixando a opción segundo o interese do anunciante.

O formato aceptable pode ser jpg ou gift.

A relación entre a empresa anunciante e COGAMI para a instalación dos banners rexeráse a través de contratos de patrocinio onde se estipulará a temporalidade así como as seccións nas que aparecerán ditos banners publicitarios.



As tarifas contempladas para o exercicio 2012 distribúense atendendo á zona onde se instale e ao apartado dentro do portal. En canto a isto último diferenciamos entre a páxina principal e o resto de seccións.

Na seguinte táboa pódense consultar as tarifas existentes:

| <b>TARIFAS PÁXINA PRINCIPAL</b>   |               |                   |
|-----------------------------------|---------------|-------------------|
| <b>Nome</b>                       | <b>Tamaño</b> | <b>Precio/mes</b> |
| Megabanner superior (zona 1)      | 950x90 px     | 150 €             |
| Banners laterais (zonas 2, 3, 4)  | 200x200 px    | 75 €              |
| Megabanner inferior (zona 5)      | 950x90 px     | 110 €             |
| <b>TARIFAS RESTO DE SECCIÓN S</b> |               |                   |
| <b>Nome</b>                       | <b>Tamaño</b> | <b>Precio/mes</b> |
| Megabanner superior (zona 1)      | 950x90 px     | 120 €             |
| Banners laterais (zonas 2, 3, 4)  | 200x200 px    | 65 €              |
| Megabanner inferior (zona 5)      | 950x90 px     | 90 €              |

En caso de precisar algunha información adicional poderase contactar coa área de Comunicación de COGAMI ([prensa@cogami.es](mailto:prensa@cogami.es); telf. 981574698).